

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001148	As Mariñas	Betanzos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0656	Simulación empresarial	2023/2024	8	140	168

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MIGUEL ÁNGEL FOLGAR FRAGA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación realizouse seguindo as directrices do Decreto 206/2012 da Consellería de Educación e O.U. que establece o currículo correspondente ao título de técnico superior en Administración e Finanzas.

O perfil profesional deste técnico queda determinado pola súa competencia xeral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais e pola relación de cualificacións

A competencia xeral e a de organizar e executar as opereacións de xestión e administración nos procesos comerciais, laborais, contables, fiscais e financeiros dunha empresa pública ou privada, aplicando a normativa vixente.

O entorno profesional é que se pode desenvolver tanto na pequena como na grande empresa e no sector público ocupando os postos de traballo de :

- Administrativo/a de oficina.
- Administrativo/a comercial.
- Administrativo/a financeiro/a.
- Administrativo/a contable.
- Administrativo/a de loxística.
- Administrativo/a de banca e seguros.
- Administrativo/a de recursos humanos.
- Administrativo/a da Administración pública.
- Administrativo/a de asesorías xurídicas, contables, laborais e fiscais, ou xestorías.
- Técnico en xestión de cobramentos.
- Responsable de atención á clientela.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O Emprendedor e o Plan da empresa		15	9
2	Estudo do mercado		20	12
3	Trámites e documentación para crear unha empresa		25	15
4	As fontes de financiación		25	15
5	Viabilidade empresarial		20	12
6	Xestión da actividade comercial e financeira		30	18
7	Xestión do marketing e dos recursos humanos		33	19

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O Emprendedor e o Plan da empresa	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os factores da innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Examináronse as facetas da innovación empresarial (técnicas, materiais, de organización interna e externa, etc.), relacionándoas como fontes de desenvolvemento económico e creación de emprego.
CA1.2 Relacionáronse a innovación e a iniciativa emprendedora coas implicacións que ten para a competitividade empresarial.
CA1.3 Valoráronse os aspectos inherentes á asunción de risco empresarial como motor económico e social.
CA1.4 Determináronse as facetas do carácter emprendedor desde o punto de vista empresarial.
CA1.5 Seleccionáronse experiencias de innovación empresarial describindo e valorando os factores de risco asumidos en cada unha.
CA1.6 Propuxéronse posibilidades de internacionalización dalgunhas empresas como factor de innovación destas.
CA1.7 Definíronse axudas e ferramentas públicas e privadas para a innovación, a creación e a internacionalización de empresas, relacionándoas estruturadamente nun informe.

4.1.e) Contidos

Contidos
Proceso innovador na actividade empresarial.
Factores de risco na innovación empresarial: facetas da persoa emprendedora.
Tecnoloxía como clave da innovación empresarial.
Internacionalización das empresas como oportunidade de desenvolvemento e innovación.
Axudas e ferramentas para a innovación empresarial.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Estudo do mercado	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona unha idea de negocio analizando o mercado.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Avaliáronse as implicacións que leva consigo a elección dunha idea de negocio.
CA2.2 Diferenciouse entre o que pode ser unha simple idea e unha idea de negocio factible.
CA2.3 Sinaláronse as vantaxes e os inconvenientes das propostas de negocio.
CA2.4 Determinouse o produto ou servizo que se queira proporcionar coa idea de negocio.
CA2.5 Concretáronse as necesidades que satisfai e o valor engadido da idea de negocio proposta.
CA2.6 Identificouse a clientela potencial atendendo aos obxectivos do proxecto de empresa.
CA2.7 Efectuouse unha análise de mercado para comprobar se existe un nicho nel.
CA2.8 Efectuouse unha análise da competencia para situar o produto.

4.2.e) Contidos

Contidos
A persoa promotora e a idea.
Selección de ideas de negocio.
Plan de empresa.
Análise de mercados.
Actividade empresarial.
Competencia.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Trámites e documentación para crear unha empresa	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO
RA5 - Xestiona a documentación necesaria para a posta en marcha dunha empresa, analizando os trámites legais e as actuacións necesarias que levan consigo a realización do proxecto empresarial.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse as principais características do sector empresarial en que se desenvolva a idea de negocio.
CA3.2 Recoñécense os tipos de empresas existentes.
CA3.3 Establecéronse claramente os obxectivos da empresa.
CA3.4 Relacionouse a organización establecida pola empresa co seu tipo e cos seus fins.
CA3.5 Identifícanse as funcións dentro da empresa
CA3.6 Seleccionouse a forma xurídica adecuada.
CA5.1 Recoñeceuse a esixencia da realización de trámites legais esixibles antes da posta en marcha dun negocio.
CA5.2 Diferenciáronse os trámites que se seguirían en función de forma xurídica que se elixa.
CA5.3 Identifícanse os organismos ante os que cumpra presentar os trámites.
CA5.4 Cubriuse a documentación necesaria para a constitución da empresa.
CA5.5 Realizáronse os trámites fiscais para a posta en marcha.
CA5.6 Realizáronse os trámites necesarios ante a autoridade laboral e a Seguridade Social
CA5.7 Realizáronse os trámites necesarios que cumpra realizar noutras administracións públicas á hora de abrir un negocio.
CA5.8 Recoñeceuse a existencia de trámites de carácter específico para determinados tipos de negocios.
CA5.9 Valorouse a importancia do cumprimento dos prazos legais para a tramitación e a posta en marcha dun negocio.

4.3.e) Contidos

Contidos
Empresario ou empresaria.
Empresa: clasificación, forma xurídica, obxectivos, organización funcional e responsabilidade social.
Trámites xerais para os diversos tipos de empresa.

Contidos
Tramites específicos. Negocios particulares.
Autorizacións, instalación ou constitución.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	As fontes de financiación	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.7 Efectuouse unha asignación eficiente dos recursos necesarios.
CA3.8 Recoñecéronse e seleccionáronse as posibles fontes de financiamento.
CA3.9 Valorouse a importancia de dotar a empresa da estrutura adecuada para o seu mantemento.

4.4.e) Contidos

Contidos
Asignación de recursos.
Investimento na empresa.
Fontes de financiamento

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Viabilidade empresarial	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Comproba a viabilidade da empresa mediante diversos tipos de análise, tendo en conta os factores que poidan influír nela.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Efectuouse un estudo da viabilidade técnica do negocio.
CA4.2 Contrastouse o cumprimento da normativa legal do futuro negocio.
CA4.3 Comprobouse a accesibilidade das fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio.
CA4.4 Efectuouse unha análise sobre a capacitación profesional para levar a cabo as actividades derivadas do tipo de negocio elixido.
CA4.5 Realizouse unha análise do impacto ambiental de proxecto de empresa.
CA4.6 Realizouse unha análise dos riscos laborais de proxecto de empresa.
CA4.7 Comprobouse a viabilidade económica por medio da análise de proxectos de investimento.
CA4.8 Elaborouse un plan de viabilidade a longo prazo para poder efectuar unha mellor planificación na empresa.

4.5.e) Contidos

Contidos
Plan de viabilidade.
Análise económico-financieira de proxectos de empresa.
Inscripcións en rexistros.
Carnés profesionais.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión da actividade comercial e financeira	30

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Efectuouse unha planificación sobre as necesidades de aprovisionamento da empresa.
CA6.2 Xestionouse o proceso de comercialización dos produtos da empresa.
CA6.4 Confeccionouse e verificouse a contabilidade da empresa.
CA6.5 Planificáronse as necesidades financeiras da empresa.
CA6.6 Analizouse a normativa fiscal e cumpríronse as obrigas fiscais.
CA6.7 Valorouse a organización da propia tarefa.

4.6.e) Contidos

Contidos
Plan de aprovisionamento.
Xestión comercial, de márketing e de recursos humanos na empresa.
Xestión da contabilidade como toma de decisións, das necesidades de investimento e financiamento, e das obrigas fiscais.
Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Xestión do marketing e dos recursos humanos	33

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.3 Xestionáronse os recursos humanos.
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

4.7.e) Contidos

Contidos
Xestión comercial, de márketing e de recursos humanos na empresa.
Expediente do proxecto: elaboración e selección do destinatario.
Exposición pública do proxecto: técnicas de captación da atención. Destrezas comunicativas.
Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

CONTIDOS MINIMOS

Proceso innovador na actividade empresarial.

Factores de risco na innovación empresarial: facetas da persoa emprendedora.

Axudas e ferramentas para a innovación empresarial.

A persoa promotora e a idea.

Selección de ideas de negocio.

Plan de empresa

Análise de mercados.

Trámites xerais para os diversos tipos de empresa: clasificación, forma xurídica, obxectivos, organización funcional e responsabilidade social.

Tramites específicos. Negocios particulares.

Investimento na empresa.

Fontes de financiamento

Plan de viabilidade.

Análise económico-financeira de proxectos de empresa.

Plan de aprovisionamento.

Xestión comercial, de márketing e de recursos humanos na empresa.

Xestión da contabilidade como toma de decisións, das necesidades de investimento e financiamento, e das obrigas fiscais.

Xestión comercial, de márketing e de recursos humanos na empresa.

Exposición pública do proxecto: técnicas de captación da atención. Destrezas comunicativas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Os instrumentos de avaliación considerados no presente módulo son case todos listas de cotexo que, como tales, baséanse nunha observación estruturada das accións procedimentais a realizar polo alumnado (en grupos de 4/5 alumnos) para levar a cabo a elaboración das distintas fases dun proxecto empresarial que conclúe coa entrega ao profesor e coa exposición pública do mesmo.

Terase un conta a exposición oral e escrita do devandito Proxecto Empresarial.

Considerando o anterior os criterios de cualificación serán os seguintes:

1ª Avaliación:

Constará dúas probas escritas, donde se cualificaran os contidos desta avaliación a puntuación será dun 8 sobre 10 o mínimo exisido será dun 4. Cualificarase con ata 2 puntos o contido das fases de expediente do proxecto empresarial elaboradas durante o 1º trimestre segundo o calendario establecido polo profesor, a participación de cada alumno no proceso de elaboración e os pesos que aos criterios de avaliación de tales fases se lles dá na presente programación.

2ª Avaliación:

Constará dunha proba escrita, donde se cualificaran os contidos desta avaliación a puntuación será dun 4 sobre 10 o mínimo exisido será dun 2. Cualificarase con ata 6 puntos o contido das fases do expediente do proxecto empresarial elaboradas durante o 2º trimestre segundo o calendario establecido polo profesor, a participación de cada alumno no proceso de elaboración e os pesos que aos criterios de avaliación de tales fases se lles da na presente programación; a exposición pública desta parte do proxecto terá un peso de ata 2 puntos dos 6 puntos que se poderán obter da cualificación das fases do proxecto empresarial realizado e exposto antes do acceso a FCT, segundo a participación na mesma do cada alumno.

A nota final do módulo será a que resulte da media aritmética simple das dúas avaliacións máis ata 1 punto, a criterio do profesor, para valorar a os seguintes contidos actitudinais:

- Autonomía e interese na realización das actividades de aprendizaxe.
- Capacidade de comunicación e para o traballo en equipo.
- Iniciativa para resolver problemas, tomar decisións e proponer accións encamiñadas a mellorar a actividade na aula.
- Empatía: sensibilidade cara aos demais, solidariedade e cooperación.
- Autorregulación e aceptación das normas.

Para aprobar o módulo a nota final obtida terá que ser igual ou maior que 5 puntos.

Neste curso 2023-2024 as actividades de aula foron estruturadas en xornadas presenciais para o alumnado.

Seguiránse a empregar os recursos educativos virtuais para todo o alumnado (Espazo ABALAR, Aula Virtual do Centro, Correo electrónico para o módulo, Libro dixital, etc...)

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumno que non aprobese a primeira avaliación trimestral poderá recuperar durante o mes de Xaneiro mediante a entrega das fases do proxecto non superadas na primeira avaliación, a exposición pública de todas as fases correspondentes a primeira avaliación, coas ponderacións ditas no apartado de criterios de cualificación, e cunha nota de recuperación resultante de dividir a nota, segundo as ponderacións dos criterios de cualificación, por 1,2. Faise esta penalización ao obxecto de motivar ao alumno, para que estudie e realice as tarefas programadas no módulo para o primeiro trimestre e que non as pospoña para as recuperacións. A penalización non se aplicará aos alumnos que por motivos suficientemente xustificadas non puideran seguir a marcha normal do primeiro trimestre.

Os alumnos que deban recuperar o módulo no 3º trimestre do 2º curso do ciclo, no tempo ordinario da F.C.T. terán que completar e/ou refacer o proxecto empresarial e expoñelo. Deberán tamén asistir ás clases de recuperación coa regularidade que en xeral teñen que manter e realizar as actividades que se lles indique nas clases de recuperación.

Para aprobar o modulo terán que ter una nota de 5 puntos, segundo os criterios expostos no apartado 5 desta programación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Serán aqueles que falten o 10% do total das clases do módulo, e dicir que alcancen 17 faltas sen xustificar, e foraan apèrcibidos polo seu titor ao ter faltas que superano 6% do total das sesións e o 10%.

Neste módulo, respectaráselles as avaliacións que durante o curso teñan aprobado do módulo. Para superar as avaliacións suspensas, terán que realizar unha proba escrita extraordinaria sobre os contidos correspondentes as mesmas, que pesará un 40% na nota global do módulo, e presentar completado en todas as súas fases o proxecto empresarial, que terán que explicar demostrando un coñecemento suficiente das fases, contidos e procedemntos necesarios para a súa elaboración. Así mesmo terán que demostrar un coñecementos suficientes dos procesos levados a cabo na simulación da xestión da empresa simulada realizados durante o 1º e 2º trimestres. A nota obtida no proxecto e na xestión ponderará un 60% na nota global do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN.

O Decreto 114/2010 da Consellería de Eduación, polo que se establece a ordenación xeral da F.P. do sistema educativo de Galicia, no seu artigo 34-4º dispón "O equipo docente realizarán seguimento das programacións da cada módulo, con indicación do grado de cumprimento con respecto á programación e, en caso de desciaións, cunha sutifiación razoada"

A Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a a creditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial

(DOG 15/07/2011), determina no seu artigo 23º.5 que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo. Ademais a Orde establece que a programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e ortras circunstancias, e que o referido seguimento e revisión constrará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo.

O seguimento da programación farase empregando a funcionalidade de seguimento na aplicación informática deseñada ao efecto pola Consellería de Educación.

AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE.

A avaliación é un elemento do proceso de ensino aprendizaxe que debe aplicarse tanto á aprendizaxe dos alumnos como á revisión da propia práctica docente.

Para realizar esta avaliación do rprofesorado poderase utilizar un formulario con distintas preguntas, que se pasará ao alumnado, sendo completado de forma anónima por cada un deles.

O cuestionario ten en conta non só aspectos da materia impartida, senón didácticas, de relacións persoais, comportamentos, etc, no que se recollerán as distintas opcións do alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Coa finalidade de coñecer os coñecementos previos dos alumnos e a súa homoxeneidade para adoptar decisións de cara ao resto do curso, nos primeiros días de clase do curso, o profesor faralles aos alumnos preguntas sobre os contidos do módulo, será un cuestionario de coñecementos tipo test.

Ao inicio de cada ud. didáctica o profesor fará preguntas colectivas e individuais co fin de tentar indagar os coñecementos previos que os alumnos teñen sobre a ud. didáctica.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade que se produce no alumnado e os distintos ritmos de aprendizaxe con que nos podemos atopar realizaranse os seguintes tipos de actividades:

Para aqueles alumnos/as con maior dificultade de aprendizaxe elaborárase un bloque de actividades de contido similar ás outras realizadas na clase, que deberán facer de forma individual, principalmente na casa, e que o profesor deberá supervisar e correxir tamén de forma individualizada.

Para aqueles alumnos/as que lles resulte máis fácil a comprensión e a aprendizaxe realizaranse actividades, de forma individualizada ou en grupos, para profundizar naqueles temas que lles interesen máis. Principalmente este tipo de actividades consistirá na realización de supostos.

Promoverase na aula a axuda entre alumnos, especialmente entre os que compoñan os equipos de traballo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Neste apartado de educación en valores propoñemos os seguintes temas:

1 A Ética profesional: que no mundo empresarial debe ser un valor que hai que fomentar dende as aulas o formar os profesionais da empresa. Trátase de involucrar ao alumno nos valores democráticos propios dunha sociedade moderna, xa que as prácticas ilícitas no campo que nos ocupa, son habituais e rexeitadas pola sociedade, a corrupción tan extendida na sociedade, é incompatible cos valores democráticos.

Debemos conseguir que os nosos alumnos durante o período formativo interioricen os valores da ética profesional para logo exteriorizalos posteriormente no mundo laboral.

2 Outros temas os que se lles debe prestar atención na aula son: respecto aos demais, a equidade, a honradez, a solidariedade, o cumprimento da palabra dada para crear hábitos persoais e sociais que leven ao rexeitamento de prácticas inmorais. Debese fomentar unha visión crítica das prácticas fraudulentas no mundo empresarial.

3 Igualdade de dereitos e oportunidades, hai que motivar ao alumno contra todo tipo de discriminación por razóns de sexo, relixión, cultura, etnia etc. Mediante o respecto ao diferente.

4 Completar as competencias adecuadas nas tecnoloxías da información e comunicación

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non están previstas neste módulo, xa que o funcionamento dunha empresa, o verán durante a FCT.

Podrán realizarse actividades conxuntas do departamento a medida que se vaian concretando.

10. Outros apartados

10.1) Recursos Educativos Virtuais

Neste apartado indícanse os diferentes Recursos educativos a empregar polo profesor tanto na aula (presencial) como na atención ó alumnado de maneira virtual.

Espazo ABALAR (para os avisos e mensaxe ó alumnado)

Aula virtual do centro "IES As Mariñas"-Betanzos- (para as reunións virtuais co alumnado e a entrega de actividades)

Libro dixital da editorila McGraw-Hill.

Correo electrónico específico para transmitir información ó alumnado e responder as súas dúbidas.